



ORDE do 9 de maio de 2018 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2018/19.

❖ O prazo para presentar solicitudes rematará o día **22 de xuño de 2018 (este incluído)**.

➤ **AS SOLICITUDES SERÁN PARA:**

- A participación no **fondo solidario** de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria // **Axudas para adquirir libros** de texto destinadas ao alumnado matriculado en 1º e 2º de EP // **Axudas para adquirir material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en EP.

➤ **CONTÍA:**

- A contía da axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP será a seguinte:
 - a) Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 170 euros.
 - b) Renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 90 euros.
- A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros será de 50 euros.

➤ **OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS:**

DEVOLVER OS LIBROS DE TEXTO E O MATERIAL REUTILIZABLE ADQUIRIDO COAS AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO OU RECIBIDO DO FONDO SOLIDARIO NO CURSO 2017/2018 EN BO ESTADO.

Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP, sempre que os libros ou o material adquirido non se poidan reutilizar.

A FALTA DE DEVOLUCIÓN SERÁ CAUSA DE EXCLUSIÓN DA PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO E DAS AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR NO CURSO 2018/2019.

➤ **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

- A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2018/2019, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.
- Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2018/19, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2017/18. Este centro rexistrará a solicitude de maneira que acredite a entrada desta en prazo e enviaráa ao centro

de destino en que o alumno resulte admitido, que será o encargado da súa gravación e tramitación.

- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. [Solicitud \(Anexo I e II\)](#)

Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

- A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se **compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto.**

➤ **DOCUMENTACIÓN.-**

a) Anexo I e Anexo II

- b)** Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2016, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

2º. Certificado ou volante de convivencia.

3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

b) Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

c) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

d) A incapacitación xudicial con patria potestade prorrogada ou rehabilitada acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

1.2. Alumnado con discapacidade igual ou superior ao 65 %: certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

1.3. Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia: copia da resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento ou do certificado do centro de menores